



*Concello de Láncara*

*Rúa Rosalía de Castro nº 17*

*A Pobra de San Xíao*

*Láncara, Lugo 27360*

*982 543077-982 543152*



**MÓNICA VÁZQUEZ FANDIÑO SECRETARIA INTERVENTORA DO  
CONCELLO DE LÁNCARA (LUGO)**

Certifico que:

No Pleno, en sesión extraordinaria realizada o día 30 de xuño de dous mil quince, adoptou, entre outros, o acordo seguinte:

**11º.-MOCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE CREACIÓN DA COMISIÓN ESPECIAL DE  
CONTAS.**

Vista a moción da alcaldía e lida pola Concelleira D<sup>a</sup> Begoña López Magdalena, sobre creación da comisión especial de contas que di:

“Para a súa acomodación ó disposto no artigo 20 da Lei 5/97, propono ó Pleno a creación da Comisión Especial de Contas, tendo en conta para a súa composición as seguintes regras

- a) O Alcalde será o Presidente nato da mesma.
- b) A Comisión estará integrada de forma que a súa composición se acomode a proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos representados na Corporación .
- c) O voto dos asuntos que trata esta Comisión será ponderado (art. 66 a 68 da Lei 5/1997.).

Propoño a derogación de calquera outra Comisión creada durante a lexislatura pasadas.

Propoño así mesmo que polo Partido Socialista forma parte da mesma o Concelleira D<sup>a</sup> Begoña López Magdalena, como titular, e como suplente Óscar Rodríguez Somoza, tendo o resto dos partidos con representación neste Concello que propoñer quen vai formar parte da mesma”.

Por parte do voceiro do P.P. propón como representantes deste partido na Comisión Especial de Contas a D. José M. Neira Castro e suplente a D. Daniel A. Fernández Fernández.



*Concello de Láncara*

*Rúa Rosalía de Castro nº 17*

*A Pobra de San Xíao*

*Láncara, Lugo 27360*

*982 543077-982 543152*



Representante do CxG a D. Carlos Fernández Díaz.

E representante do BNG D. Iago Bande Cortizo.

O voto será ponderado tendo a seguinte representación:

PSG-PSOE : 5 votos

P.P.: 4 votos

CxG: 1 voto

BNG: 1 voto.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

Prestar aprobación a moción e así como as propostas do resto dos partidos.

Para que conste, expido a presente certificación, por orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, en Láncara, 14 de decembro de dous mil quince.

Visto e praxe  
O alcalde

Asdo.